

Nº.EXPTE.:	2022040924
SOLICITANTE:	MESA DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE ACTA DE 10/10/2023.
ASUNTO:	SOLICITUDE DE INFORME DE VALORACIÓN DAS OFERTAS RECIBIDAS - SOBRE 2- PARA O PROCEDIMENTO ABERTO E CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO, A EXECUCIÓN DAS OBRAS E A DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO “PARQUE COTO DE CANEDO”, QUE INCLUE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SUBTERRÁNEO, E PISCINA EN BASE A ANTEPROXECTO APROBADO (DECRETO 2021007052) SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RÚAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E XESÚS POUSA RODRÍGUEZ.

INFORME TÉCNICO

01.- Introducción:

Abórdase a análise das ofertas presentadas no marco definido polo Prego de Cláusulas Administrativas, tendo en conta o contido do anteproxecto das obras redactado polo arquitecto d. Luis Pérez de Juan Romero, os informes do servizo de planeamento e medio ambiente, e previa análise das demandas sinaladas na actas da Mesa de Contratación.

02.- Valoración e xustificación das puntuacións:

Segundo a documentación que rexe a licitación, desenrólase a continuación as valoracións e xustificación destas, seguindo os apartados recollidos no prego, con reprodución do teor literal dos mesmos.

Cráterios cualitativos non avaliábles mediante cifras e fórmulas

As memorias conterán as explicacións necesarias para definir e concretar aqueles aspectos indicados en cada epígrafe que intrinsecamente se relacionen co obxecto do contrato, ámbito da actuación e afeccións existentes, non valorándose descrições xenéricas, incoherentes coa proposta, insuficientes, inconcretas ou non relacionadas co obxecto do contrato e prestación a satisfacer. Dita memoria deberá recoller os seguintes aspectos:

A.- MEMORIA DE PROPOSTA TÉCNICA E DE DESEÑO. (25 puntos, 22 páxinas).

A1). Memoria técnica descriptiva e xustificativa da proposta de proxecto de estacionamento soterrado. (11 puntos, 11 páx)

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado do aparcamento proxectado, amparándose para ilo no contido do ANTEPROXECTO, debendo manter en todo caso a funcionalidade e prestacións definidas neste, podendo ser obxecto realizar propostas xustificadas de mellora concernentes á funcionalidade, deseño, composición, accesibilidade, prestacións materiais, acabados, durabilidade, sostibilidade, adaptabilidade e outras que redunden nunha optimización dos recursos previstos para a actuación proxectada de acordo co interese xeral.

Valorarase aportar unha solución de deseño axeitada para as interseccións e encontros coas rúas adxacentes afectadas pola intervención nos puntos de acceso e saída a este.

Valorarase a mellora e adaptación do deseño ás indicacións recollidas nos diferentes informes técnicos municipais que constan no expediente.



Criterios de puntuación:

1 Unha valoración detallada por partidas, dos custes de execución das obras de estacionamento. 1 puntos, 1 páx.

Valorarase a organización, suficiencia das partidas co obxecto pretendido na proposta, coherencia, concreción e detalle na definición, así como a adecuación dos prezos ó mercado de acordo co importe do anteproxecto.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Non organiza nin desenvolve por partidas da valoración económica. Non xustifica nin valora os prezos recollidos no anteproxecto, unicamente se expón unha valoración cualitativa da suficiencia, por capítulos, do anteproxecto. Nula concreción na definición e xustificación inexistente.	0.10
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Indica os prezos dalgunhas unidades de obra precisas para a execución, se ben aporta un desenrolo parcial dalgunhas partidas. Obvia custes de seguridade e saúde, control de calidade e xestión de residuos. Escaso detalle na definición. Duplicidade de partidas con prezos diferentes. Valoración por m2 de superficie de instalacións, non por partidas. Non permite comprobar adecuación de prezos. Cámbianse prestacións e calidades con respecto ás definidas no anteproxecto.	0.15
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Desenrolo completo das partidas máis salientables. Valoracións unitarias completas, permite comparación con prezos de mercado. Sinala deficiencias do anteproxecto. Ampliase a definición coas cuantificacións realizadas polo licitador en canto ó predimensionado das estruturas e do análise do MDT relativo ós custes necesarios derivados do movemento de terras. Coherencia cos restantes apdos. da oferta.	1

2 Posibilidade de mellora do deseño e ampliación do estacionamento 1puntos, 1páx.

Valorarase a posibilidade de que o deseño do aparcamento permita futuras operacións de ampliación en lonxitude e ou en profundidade.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Aportase definición, proposta e problemáticas da ampliación. Non desenrola aspectos técnicos da proposta realizada. Non cuantifica dimensionalmente neste apdo. a proposta.	0.25
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Aportase proposta, resolvendo algunhas das problemáticas da ampliación. Indícanse aspectos relativos a sistemas de sinalética interior (non sendo obxecto deste apdo.). Non desenrola problemáticas derivadas da ampliación proposta. Cuantifica dimensionalmente a ampliación.	0.40
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Aporta proposta, desenrola problemáticas da ampliación. Desenrola problemáticas derivadas da presenza dun colector de recollida de cunca existente. A proposta de ampliación	1





	desenrolase dun xeito coherente, tendo en conta alternativas, posición de piscina e elementos en superficie e afección ós accesos. Resolve as problemáticas derivadas da proposta de variación na implantación e ampliación proposta en función desta. Cuantifica dimensionalmente a ampliación.	
--	--	--

3 Incorporación de sistemas de aforro de enerxía 1 puntos, 1 páx.

Valorarase a incorporación de sistemas, instalacións ou dispositivos de aforro enerxético, aproveitamento da luz e, ou, da ventilación natural na proposta.

VALORACIÓN DAS OFERTAS		
LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Propón incorporación de sistemas de redución de consumos con sistema de iluminación sectorizado mediante luminarias LED. Propón aproveitamento ventilación natural, non desenrola sistema. Propón sistemas stand-by para equipos (ascensor, xestión, caudalímetros, bombeos, recuperación de augas en alxibes, etc) e instalación de placas solares. Non desenrola tipoloxía de sistemas de ventilación. Non se propoñen medidas de aproveitamento de luz natural.	0.65
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Propón incorporación de sistemas de sectorización por uso, sistemas de xestión de instalacións e alumeados, detectores de presenza, redución de consumos de auga, reaproveitamento de augas procedentes de drenaxes, control da eficiencia enerxética de equipos. Melloras en illamento para minoración de perdas enerxéticas. Non se propoñen medidas de aproveitamento de luz natural.	0.75
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Indica normativa de aplicación. Propón incorporación de sistemas LED de alumeado e de redución de consumo mediante control de iluminación de zonas operativas, implementación de sistemas de aforro de auga. Incorporación de sistemas de xestión de aire, variadores de frecuencia e aplicación de pintura de alta reflectividade. Indícase unha posibilidade de aproveitamento de luz natural, non se desenrola este aspecto.	0.90

4 Adecuación e dimensionado de accesos 1 puntos, 1 páx.

Valorarase a suficiencia e adecuación á normativa vixente dos accesos peonís e rodados, a súa calidade funcional, material e ambiental, a integración destes no ámbito urbano e a mínima afección ós usos xerais da rúa coa súa presenza.

VALORACIÓN DAS OFERTAS		
LICITADOR		Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Aporta revisión da normativa de aplicación. Aporta proposta de mellora dos accesos, incorporando un novo posible acceso dende a rúa Xesús Pousa. Indica a posibilidade de mellorar a pendente das ramplas interiores do 18% ó 16%. Non valora nin analiza a calidade ambiental, material e ambiental, nin a	0.70



	integración dos accesos no ámbito urbano ou afeccións ós usos xerais das rúas.	
UTE EXTRACO-COVIASDEC	Define as características e prestacións do anteproxecto. Non xustifica a análise da suficiencia e adecuación á normativa dos accesos peonís e rodados. Non valora nin analiza a calidade ambiental, material e ambiental, nin a integración dos accesos no ámbito urbano ou afeccións ós usos xerais das rúas.	0.10
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Realízase análise de dimensionado do tráfico rodado e radios de xiro. Valóranse dimensións de elementos accesibles. Plantexa e desenrola melloras nos accesos para fomentar a integración no ámbito urbano destes, así como da súa accesibilidade. Detalla percorridos peonís interiores. Propón modificación de comunicacións verticais de cara a conseguir ditos obxectivos. Non valora a integración dos accesos rodados. Grafía melloras nas circulacións peonís interiores.	0.90

5 Adecuación e dimensionado das prazas e vías de circulación interior 1 puntos,1 pág.

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado das prazas de estacionamento, a xustificación do cumprimento do número mínimo de prazas para vehículos especiais de mantemento, para persoas de mobilidade reducida e para puntos de recarga eléctricos, así coma as reservas de espazo para aseos, cuartos de limpeza e outros usos posibles e ou necesarios. Valorarase asemade a calidade no deseño e na implantación das vías peonís interiores, seguridade de utilización, facilidade de acceso e comunicación co exterior, simplicidade dos percorridos e minoración das distancias por parte dos usuarios.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Analiza o deseño existente e esixencias propondo unha optimización do número de prazas interiores cambiando a cruzía entre soportes. Aporta plano da planta soto -1 con dita redistribución. Non desenrola os aspectos relativos a vehículos de mantemento interior. Non desenrola o deseño dos percorridos peonís interiores. Non cuantifica dimensións de prazas resultantes, presumindo ser inferiores ás recollidas no anteproxecto, polo que se diminuírían as prestacións de calidade do aparcamento, non sendo obxecto deste apartado dita optimización. Non se aproveita a redistribución para obter melloras nos percorridos peonís. Indica prazas de recarga de vehículos eléctricos e PMR.	0.25
UTE EXTRACO-COVIASDEC	Reflicte o dimensionado do anteproxecto. Non recolle ningunha consideración acerca de vehículos de mantemento, percorridos, prazas para recarga de vehículo eléctrico, non aporta melloras nos percorridos peonís interiores.	0
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Desenrola a xustificación e dimensionado da circulación interior. Analiza as deficiencias do anteproxecto en canto á dotación de aseos consonte ó apdo. 3.2.c.5.6 da MP do PXOM de 1986. Propón o emprego de zonas e prazas para vehículos e servizos de mantemento. Optimiza o deseño con respecto ó anteproxecto e resulta coherente coa análise feita na proposta, segundo o apdo.A1.2 da oferta do licitador.	1



6 Xustificación urbanística da proposta 1 puntos,1 páx.

Valorarase a adecuación ó planeamento vixente e ó aprobado provisionalmente da proposta mediante a elaboración dunha táboa ou memoria urbanística nos termos recollidos no art.353.2.d) do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia, así coma a xustificación do cumprimento da proposta naquelas afeccións sectoriais existentes no ámbito da actuación.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Non desenrola nin xustifica consonte ó art. 353.2.d) do Decreto 143/2016 a adecuación ó planeamento da actuación posto que non razoan a súa adecuación á ordenación vixente con expresa indicación da clasificación e calificación do solo e da normativa e das ordenanzas aplicables a el, nin contén unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial. Reflicte as áreas de afección patrimoniais (en base á cartografía do D82/2018 polo que se aproba o Plan Básico Autonómico) pero non indica nin se refire dalgún xeito ós Cap. III e IV da Lei 5/2016 de PCG. Tampouco desenrola as afeccións en materia sectorial de estradas conforme a Lei 37/2015 de estradas do estado. A oferta remítese a posteriores conversas con responsables municipais.	0.15
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Xustifica normativa urbanística para o uso garaxe aparcamento do PXOM actual e en tramitación. Refire ó cumprimento da normativa de parques infantís, se ben resulta parte da normativa técnica a satisfacer. Indica que se cumpren as afeccións sectoriais, se ben non se analizan. Non repara no cumprimento do apdo. 3.2.c.5.6 da MP do PXOM de 1986 proposto no anteproxecto.	0.40
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Desenrola completamente a memoria urbanística derivada do cumprimento do PXOM actual e en tramitación. Detalla eiva no cumprimento do apdo. 3.2.c.5.6 da MP do PXOM de 1986. Non analiza afeccións sectoriais existentes.	0.70

- OBSERVACIÓNS EN CANTO Á PUNTUACIÓN DESTE APARTADO:

1ª.- Acerca das apreciacións ó respecto do presente apartado contidas nas actas da mesa de contratación de 05/07/2023 e de 10/10/2023 relativa á:

Primeira.- Titularidade da parcela ou parcelas onde se tenta realizar o proxecto construtivo así como a dispoñibilidade ou dereitos de uso do Concello de Ourense sobre eses terreos.

proponse que sexa informado, se procede, polo servizo de planeamento e xestión, sección de patrimonio municipal ó non conterse información relativa no expediente nin posuír este técnico acceso a dita información.

Segunda.- Compatibilidade do desenvolvemento urbanístico previsto para o proxecto denominado “Parque Coto de Canedo”, co proxecto de urbanización do polígono 1 do AR 2 da zona 2 do SU- 32, aprobado pola Xunta de Goberno Local o pasado 7 de outubro do 2021, así como con respecto ao proxecto de compensación aprobado para o Polígono 4 da AR 2 da Zona 2 do SU-32 do PXOU de 1986,

proponse sexa requirido informe xurídico ó servizo de planeamento e xestión urbanística se procede, ó non conterse información relativa no expediente.

Terceira.- Mecanismos legais en poder do Concello de Ourense para esixiren ás citadas Xuntas de Compensación, o importe das cargas de urbanización actualmente existentes sobre os polígonos 1 e 4 da zona 2 do SU-32.

A natureza do presente informe é de índole fundamentalmente técnica, polo que os mecanismos legais de



xestión do ámbito propónse sexan informados xuridicamente polo referido servizo de planeamento e xestión urbanística.

2ª.- Que as valoracións reflectidas no presente apartado e emitidas por este técnico abordan a suficiencia da documentación elaborada polos licitadores referida unicamente á proposta de proxecto de estacionamento soterrado, xa que é no apartado no cal se encadra a valoración urbanística, e de acordo co teor literal recollido no prego acerca da *«adecuación ó planeamento vixente e ó aprobado provisionalmente da proposta mediante a elaboración dunha táboa ou memoria urbanística nos termos recollidos no art.353.2.d) do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia, así coma a xustificación do cumprimento da proposta naquelas afeccións sectoriais existentes no ámbito da actuación, considerando a facilitada no expediente de licitación, Lei 2/2016 do Solo de Galicia, referido art.353.2.d do Decreto 143/2016 da Lei do Solo de Galicia e informes previos municipais, especialmente o da arquitecta adscrita ó servizo de planeamento e xestión.*

Non é obxecto do presente avaliar as cuestións de fondo plantexadas toda vez que o carácter xurídico das mesmas excede as competencias deste técnico.

3ª.- Propónse que, de considerarse, se modifiquen motivadamente as puntuacións recollidas no presente apartado de cara a obter a necesaria obxectividade na puntuación proposta nos termos sinalados no prego da licitación de resultar necesaria dita modificación a teor do contido do referido informe.

7 Adecuación e suficiencia da proposta estrutural 1 puntos,1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia da tipoloxía estrutural proposta. Dita tipoloxía deberá satisfacer, entre outros o Código Estrutural vixente, o CTE, e restante normativa de referencia. Para a formulación da proposta deberá terse en conta a adecuación ás cargas definidas nos Eurocódigos Estruturais, especialmente na consideración das cargas que gravitan sobre o forxado de cuberta do estacionamento. A xustificación estrutural deberá recoller especificamente a posibilidade de situar medios auxiliares de edificación como grúas, estadas ou outros necesarios para as labores de rehabilitación, reforma ou transformación do tecido urbano e edificatorio circundante atendendo ós aproveitamentos máximos establecidos na normativa urbanística referida no apdo.8 anterior. Asemade, deberá permitir o tránsito de calquera tipo de vehículos de transporte por estrada.

VALORACIÓN DAS OFERTAS		
LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Indica as prestacións esixibles e recolle as características principais da estrutura e da normativa de aplicación. Non caracteriza nin valora a adecuación e suficiencia tipolóxica da estrutura proposta no anteprojecto, nin reflicte consideración algunha ás necesidades de acceso de vehículos especiais ou grúas necesarias para tarefas de mantemento, rehabilitación, etc. do tecido urbano. Indica dimensións aproximadas dos elementos estruturais con vaga precisión. En canto ós vehículos indica a aplicación da IAP-11, se ben non se refire qué tipo de sobrecarga se estimará de entre as accións variables posibles recollidas na IAP-11. Insuficiente análise e xustificación estrutural.	0.15
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Indicase someramente a tipoloxía estrutural. Indícanse as sobrecargas de uso e cargas mortas de cada andar. Sinalase unha sobrecarga de uso sobre o aparcamento de 15kN/m². Non define predimensionamento da tipoloxía estrutural. Interpretase que a sobrecarga de uso proposta é a suficiente como para poder situar vehículos especiais, grúas, instalación de palcos, carpas, acceso de bombeiros, etc. Non valora a adecuación tipolóxica da estrutura, suficiencia, nin propón medidas de adecuación.	0.15





<p>PETROLAM INFRAESTRUTURAS</p>	<p>Indica tipoloxía estrutural. Desenrola modelización e dimensionado da mesma. Indica sobrecarga en cuberta de 25kN/m². Analiza adecuación e suficiencia da tipoloxía estrutural propostas. Optimiza e indica dimensionado. Analiza e resolve cuestións de subministro de materiais. Aporta indicacións acerca do comportamento xeral da estrutura en función da tipoloxía empregada, atendendo a imprevistos e a capacidade da tipoloxía, optimizada no seu dimensionado, para a redistribución de cargas ó optar por unha solución de conxunto hiperestática.</p>	<p>1</p>
--	---	-----------------

8 Adecuación e suficiencia da proposta de instalacións 1 puntos,1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia das instalacións propostas para o estacionamento, debendo definirse aqueles sistemas de instalacións e tipoloxías necesarias para o correcto funcionamento do aparcamento, así como a súa conformidade coa normativa. De ser previsible a implantación de sistemas de transformación de enerxía eléctrica, deberá definirse o emprazamento e características principais destes.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
<p>ORECO BALGON SA</p>	<p>Indica os sistemas de instalacións principais e refire a normativa de aplicación. Non indica suficiencia dos sistemas nin recolle valoración algunha acerca das propostas do anteproxecto, agás a necesidade de implantación de un alxibe para PCI e alimentación dos sistemas de accionamento a través de grupo electrógeno ou dobre acometida independente á rede eléctrica e puntos de recarga para vehículos eléctricos. Non se detalla a implantación do alxibe. Non concreta nin desenrola as medidas de aforro enerxético referidas no apdo. A1.3. da memoria técnica.</p>	<p>0.65</p>
<p>UTE EXTRACO-COVIASTEC</p>	<p>Realiza unha descripción pobre dos sistemas, sen concretar nin desenrolar ningún dos citados salvo o de PCI, no cal se aporta plano a escala ilexible. Non valora a adecuación e suficiencia das instalacións propostas.</p>	<p>0</p>
<p>PETROLAM INFRAESTRUTURAS</p>	<p>Realiza unha descripción completa e detallada de tódalas instalacións necesarias, trazado e características principais. Indica necesidade de alxibe e propón ubicacións posibles. Non se realiza valoración acerca da adecuación e suficiencia das instalacións propostas no anteproxecto ou esto non se aprecia claramente. Indica necesidade de implantación de grupo electrógeno, non desenrola características. Refire necesidade de vehículo eléctrico.</p>	<p>0.85</p>

9 Adecuación e suficiencia da proposta dende o punto de vista da seguridade 1 puntos,1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia do deseño do estacionamento dende o punto de vista da seguridade en caso de incendio e de utilización, e ante o risco de accidente ou impacto fortuíto coa totalidade dos elementos construtivos que o conformen.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
-----------	-----------------------------	---------------------



ORECO BALGON SA	Analízase a seguridade estrutural de xeito somero, seguridade es caso de incendio e de utilización. Cítase o risco de sismo, non aporta solucións salvo un dimensionado atendendo ás esixencias técnicas. Desenrola a evacuación en caso de incendio tendo en conta que a pendente das ramplas non permite unha evacuación ascendente. Desenrola graficamente proposta de mellora da evacuación en coherencia co apdo. A1.2. da oferta do licitador. Detalla aspectos significativos da seguridade de utilización como dimensionado de percorridos, ubicación de prazas PMR ou niveles de iluminación. Non valora especificamente a suficiencia do deseño do anteproxecto, se ben análízao e propón melloras. Valora niveles de alumeadado e protección fronte ás caídas. Non valora os accesos e elementos exteriores.	0.65
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Principalmente recolle os cadros de xustificación do anteproxecto da normativa de seguridade en caso de incendio e seguridade de utilización a accesibilidade. Non valora de xeito razoado a suficiencia nin adecuación dos sistemas. Non valora melloras nin aspectos singulares.	0
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Estudia o contido do anteproxecto e proposta formulada polo licitador de desplazamento do edificio. Define os elementos principais da instalación de protección contra incendios e os requisitos da envolvente interior, instalacións e sistemas. Valora a problemática que supoñen as pérgolas proxectadas no anteproxecto para permitir o acceso de vehículos de bombeiros, propón a súa eliminación. Estudia os elementos con risco de impacto (soportes en lugares de xiro de vehículos nos accesos a planta), propón considerar accións horizontais no dimensionado de ditos elementos estruturais.	0.75

10 Memoria de acabados do estacionamento 1 puntos,1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e calidades dos acabados a incorporar nos revestimentos interiores e exteriores do aparcamento.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Detalla solución construtiva de cuberta. Propón dúas alternativas para garantir a impermeabilidade dos muros de soto, con cámara bufa ou tablestacas de aceiro. Detalla os acabados interiores e especifica requisitos esixibles de comportamento fronte ó lume e seguridade de utilización. Define revestimentos de aseos, cuartos auxiliares e accesos dende o exterior. Detalla puntos críticos como a xunta de dilatación e propón solución que garanta protección fronte ás filtracións. Detalla composición de portas cortalumes e composicións de pavimentos, se ben variando non xustificadamente a prescrita no anteproxecto.	0.75
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Indica solucións materiais estruturais, de particións interiores, instalacións e amoblamento, non sendo ditas características obxecto deste apartado dedicado ós acabados. Define revestimentos, alicatados pavimentos e carpintería de xeito similar ou análogo ó anteproxecto. Non valora a adecuación	0



	dos materiais de acabado.	
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Define unha proposta alternativa de acabados ós recollidos no anteproxecto. Valora as cualidades da proposta en materia de durabilidade, vistosidade e mantemento. Non xustifica as variacións propostas con respecto ó anteproxecto.	0.30

11 Sostibilidade global da proposta 1 puntos,1 páx.

Valorarase a avaliación e xustificación do análise da proposta dende o punto de vista da súa sostibilidade, entendendo como obxecto de dita xustificación a sostibilidade económica e enerxética durante a construción, explotación durante a vida útil e renovación da mesma unha vez esgotada a súa vida útil. Estimarase como vida útil do estacionamento 50 anos.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Valora cualitativamente a sostibilidade durante a execución, explotación e renovación. Non cuantifica analiticamente os parámetros de sostibilidade como por exemplo, custos de mantemento, emisións de CO ₂ , residuos xerados, valorizacións posibles, reposición de materiais ou consumibles durante a vida útil, operacións regulares de mantemento principais, etc. Aporta unha descrición xenérica e inconcreta para o obxecto do apartado.	0
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Sinala medidas de diminución de consumos durante a vida útil do aparcamento como a xestión de zonas de aparcamento, a xestión de percorridos, redución de consumos de auga e papel. Non se indica nada acerca da construción nin acerca da renovación da edificación.	0.35
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Indica proposta metodolóxica para o análise da sostibilidade durante a fase de redacción de proxecto. Aporta medidas durante a fase de construción relativas ó emprego de recursos de proximidade -cita empresas do ámbito-, emprego de materiais reciclables -non detalla-, valorización de entullos, optimización de consumos de equipos e medios auxiliares, aforro de auga e alumeado. Durante as fases de vida útil e renovación recolle o emprego de paneis fotovoltaicos, alumeado eficiente, pinturas de alta reflectividade, optimización de consumos de auga. Considerase parte da avaliación necesaria se ben resulta incompleta no tocante á vida útil e renovación.	0.40



A2). Memoria técnica descriptiva e xustificativa da proposta de proxecto de parque. (14 puntos, 11 páx)

Criterios de puntuación:

1 Xustificación do deseño e da proposta de cara á optimización dos espazos e funcionalidade dos usos, necesidades e servizos dos ámbitos afectados. 3 puntos, 3 páx.

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado dos espazos públicos resultantes, amparándose para ilo no contido do ANTEPROXECTO, debendo manter en todo caso a funcionalidade e prestacións definidas neste, podendo ser obxecto realizar propostas xustificadas de mellora concernentes á funcionalidade, deseño, composición, accesibilidade, prestacións materiais, acabados, durabilidade, sostibilidade, adaptabilidade e outras que redunden nunha optimización dos recursos previstos para a actuación proxectada de acordo co interese xeral.

Valorarase aportar unha solución de deseño axeitada para as interseccións e encontros coas rúas adxacentes afectadas pola intervención ou as que sexan susceptibles de melloras.

Valorarase a mellora e adaptación do deseño ás indicacións recollidas nos diferentes informes técnicos municipais que constan no expediente.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Realiza unha descrición inicial centrada no contido do anteproxecto desenrolando as características particulares de elementos de xogos infantís por idades, zona de xogos sénior, descrición de elementos das zonas deportivas con optimización de criterios de instalación (aberta – pechada). Analiza o ámbito da piscina, solarium e quiosco, detectando a necesidade de peche do recinto. Valora a posibilidade de incardinar as actuacións nas propostas polo PMUS, propondo a instalación dun sistema de aparcamento de bicicletas. Analiza o criterio de delimitación dos espazos deseñados, cuestionando a dureza dos elementos de formigón recollidos no anteproxecto e propondo elementos de menor dureza coma cordas, bordos de pouca altura, elementos vexetais, etc.</p> <p>A proposta non cuestiona nin analiza o deseño global do anteproxecto, asumindo este e desenrolando aspectos particulares coma os ata aquí referidos. Non se aporta valoración algunha acerca do deseño e dimensionado dos espazos públicos resultantes deste, nin se realiza proposta alternativa de mellora mantendo as prestacións e funcionalidade prevista no anteproxecto.</p> <p>Faise referencia ás necesidades existentes na Avda Basilio Álvarez, propondo unha actuación conxunta, se ben dita intervención resulta allea ó obxecto da presente licitación.</p>	0.80
UTE EXTRACO-COVIASDEC	<p>Reprodúcense e describíense os aspectos máis significativos do deseño recollido no anteproxecto. Non se aporta valoración algunha acerca do deseño e dimensionado dos espazos públicos resultantes deste, nin se realiza proposta alternativa de mellora mantendo as prestacións e funcionalidade prevista no anteproxecto.</p>	0





<p>PETROLAM INFRAESTRUTURAS</p>	<p>O licitador realiza unha análise crítica, obxectiva e pormenorizada do ámbito de actuación e dos seus elementos principais dende un punto de vista multidisciplinar detectando eivas no deseño proposta xa referidas en outros apartados da oferta (A1.2 relativo ás afeccións a redes existentes e desenroladas no apdo. B3 en canto á solución a estas, en base ó cal se propón a variación da implantación e deseño do aparcamento soterrado). Realiza unha análise técnica de ditas eivas de deseño cuantificando a xeometría resultante cun modelo dixital do terreo, observando puntos conflictivos ou deficiencias no deseño como son os encontros na xeometría con elementos construídos da contorna, as xa mencionadas redes de servizos, dereitos civís existentes, optimización nos movementos de terras, distribución e reorganización de accesos pola problemática de acceso a vehículos de emerxencia e especiais.</p> <p>Aporta un deseño a nivel de bosquejo que ven a resolver ditas eivas, resultando coherente con propostas realizadas en aptos. anteriores da oferta como é a incorporación elementos de aportación de luz ó interior do aparcamento no deseño global. Redistribúe os espazos de xogos e zonas verdes considerando o asoleamento nos camiños interiores e estancias principais. Contempla a optimización nos percorridos peonís de cara a obter unha mellor funcionalidade dos espazos sen menoscabo da accesibilidade. Ten en conta o contido do informe técnico municipal do servizo de planeamento e xestión en canto ó deseño adaptable ós retranqueos esixidos polo planeamento e recollendo aspectos indicados no punto 4 acerca das eivas detectadas no anteproxecto. Aporta modelo dixital do terreo coherente coa optimización de usos e estancias propostas, empregando como oportunidade pezas do anteproxecto como a cuberta do vestiario, integrándoa na solución de deseño global de xeito coherente. Aprecia áreas de oportunidade para os diferentes usos e ten en conta as actividades existentes na contorna como a gardería.</p> <p>Propón melloras no deseño da piscina cunha linguaxe coherente coa empregada na totalidade das melloras propostas nas restantes zonas, mantendo as zonas de uso segundo idades, cualificando zonas mediante o asoleamento e a sombra.</p> <p>Analiza os elementos do anteproxecto que resultan acertados e mantenos na proposta se ben integrando o deseño destes coas melloras ofrecidas.</p> <p>Valorase positivamente o esforzo na análise e desenrolo desta, xustificación e coherencia nas melloras propostas; calidade, capacidade e profundidade na análise técnica e formal. As propostas dende o punto de vista conceptual, compositivo, técnico e funcional aportan solucións concretas e ben definidas; así como a obtención dunha solución global audaz e atractiva.</p> <p>Non se aprecia que as melloras minoren nin diminúan as prestacións do anteproxecto nin a funcionalidade dos espazos e equipamentos.</p>	<p>3</p>
--	---	-----------------



2 Optimización dos usos peonís do parque. 1 puntos,1 páx.

Valorarase a óptima funcionalidade, accesibilidade e calidade dos espazos peonís resultantes do deseño.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Analiza a funcionalidade do viario cuestionando a implantación dos bancos nos camiños interiores. Analiza o carácter estival do parque, propondo estudar a posibilidade de cubrir áreas. Non se desenrola dita proposta. Describe as prestacións esixibles en materia de accesibilidade, alumbeado público e carteiras. Non se aprecian melloras claramente definidas, salvo a referida á implantación de bancos corridos ó longo dos itinerarios. Mantense o deseño e trazado principal do anteproxecto mellorando, de xeito coherente coas propostas de mellora no aparcamento, os accesos deste dende a rúa Xesús Pousa.	0.30
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Reprodúcense e describíense os aspectos máis significativos do deseño recollido no anteproxecto. Non se aporta valoración algunha acerca do deseño e dimensionado dos usos peonís.	0
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Analízase e detallase, de xeito coherente co deseño global proposto no apdo. A2.1 as características dos viarios interiores, puntos de acceso, itinerario perimetral e áreas de estancia principais. Descríbense os itinerarios accesibles e melloras para acurtar distancias. Recóllese e apórtase exemplo na infografía da posibilidade de cubrición dalgún espazo interior para permitir usos durante épocas de choiva. Apreciase unha análise completa no deseño proposto dende o punto de vista dos obxectivos a acadar.	1

3 Xustificación do deseño e da proposta de cara á xeración de actividades urbanas (ocio, espazos de encontro, piscina, parques, xogos, etc.) 1 puntos,1 páx.

Valorarase que o deseño permita mellorar os usos e actividades urbanas proxectadas no parque, así como a posibilidade de fomentar novos usos e actividades.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Mantendo a liña de deseño do anteproxecto, propónse como mellora a inclusión dunha área canina. Polo resto analízanse os parques infantís e biosaludables, mantendo unha diferenciación entre estes pero cunha temática e linguaxe unitaria. Sinalase pero non se desenrola a posibilidade de aproveitar o parque existente na zona norte do ámbito de actuación. Propón melloras no espazo de xogos encamiñadas a mellorar a funcionalidade (redes) ou a mellor disposición dos equipamentos da área de xogos. O licitador, mantendo o deseño, propón melloras puntuais nos elementos do anteproxecto e propón a incorporación da área canina.	0.40
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	O licitador refire o dimensionado das sobrecargas na cuberta do aparcamento, de xeito coherente coa proposta realizada no	0.20



	apdo.A1.7, de cara a permitir a implantación de palcos para concertos, carpas, barracas, pistas de patinaxe, etc. Refire as posibilidades de uso que brindan os espazos definidos no anteproxecto. Non valora a accesibilidade existente para a implantación de ditos usos mantendo os accesos e itinerarios interiores do anteproxecto, toda vez que implicaría o acceso de vehículos de transporte e, ou, medios auxiliares que poderían ver limitada a súa operatividade polas características dos accesos e camiños interiores do parque.	
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	No marco da proposta de mellora global do deseño refírese a redistribución das áreas de xogos saudables e parque infantil, acercándose entre sí a fin de fomentar relacións interxeneracionais derivadas da súa proximidade. Sinalase a posibilidade de introducir áreas de xogo cubertas para petanca e ping pong. Refírese a capacidade de albergar usos múltiples dos diferentes espazos, mellorando a versatilidade dos mesmos, concretando as medidas e xustificandoas na capacidade de cada elemento, como a plaza, a pista multideporte, zonas de sombra e sol, zonas de posible cobertura climática. Sinala outras posibilidades como as de aproveitamento xeotérmico.	0.80

4 Acondicionamento da accesibilidade ós elementos do parque e accesos 2 puntos,1 pág.

Valorarase a organización dos percorridos dende o punto de vista da accesibilidade universal, a practicidade durante o uso e mantemento do parque.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Realiza unha descrición das esixencias normativas en materia de accesibilidade nos elementos que afectan a dita prestación. Non repara nos incumprimentos existentes na urbanización existente. Non desenrola os aspectos relativos ó acceso de vehículos de mantemento durante o uso do parque. Recolle a instalación de <i>bolardos</i> como elemento de impedimento de acceso ó interior do parque para vehículos.	0.15
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	Define someramente os elementos previstos no anteproxecto. Non desenrola os aspectos relativos ó acceso de vehículos de mantemento durante o uso do parque.	0
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Descríbense e cuantifícanse as pendentes resultantes do deseño, así coma os itinerarios accesibles, tanto descritiva como graficamente, amoblamento accesible en áreas de descanso e xogos. Describe as prestacións esixibles descritas na normativa de accesibilidade. Precisa os itinerarios de acceso para vehículos de emerxencias e mantemento. Non se desenrola pormenorizadamente os aspectos de acceso de vehículos para uso e mantemento do parque. Indícase a necesidade de intervir na escaleira existente no percorrido perimetral situada na parte suroeste do parque, nas traseiras do edificio sito entre a intersección das rúas Xesús Pousa e Victoria Kent por incumprir as determinacións da normativa de accesibilidade.	0.90



5 Proposta de actuación nas redes de servizos urbanos e infraestruturas de servizos afectadas 2 puntos, 1 páx.

A proposta de actuación deberá conter unha análise das problemáticas derivadas da intervención que afecten ás redes de infraestruturas de servizos existentes tanto municipais como de compañías operadoras ou distribuidoras de servizos urbanos, e xustificarse a validez dos criterios de intervención adoptados.

Valorarase a adecuación e validez do deseño no relativo ó trazado e predimensionado das redes de servizos incorporadas á actuación, mantidas ou modificadas.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Recolle a afección a rede de abastecemento urbana, sinalando unha acometida dende a Avda das Caldas para o abastecemento á piscina, considerando viable non realizar modificacións nas redes de abastecemento. Apórtase información gráfica descritiva da rede existente.</p> <p>Recolle a afección á rede de saneamento, indicando que unha parte da existente no interior da parcela afecta á implantación do aparcamento, pero non se sinala actuación nin problemáticas. Non se aporta predimensionado de demandas nin seccións. Apórtase información gráfica descritiva da rede existente.</p> <p>Recolle referencia a redes eléctricas e de telecomunicacións, pero non realiza ningún tipo de análise, aporte de información gráfica, capacidade nin predimensionados.</p> <p>Recolle a posibilidade da existencia de redes de gas se ben non se detectaron. Non consta ningunha outra análise ó respecto nin trazado destas.</p> <p>Recolle a afección a outros posibles servizos, tampouco se desenrola nada ó respecto na oferta.</p>	0.15
UTE EXTRACO-COVIASTECC	<p>Indica afeccións a equipamentos, zonas verdes, parques infantís, etc. circundantes. Non se valora de ningún xeito as redes de servizos urbanos e infraestruturas de servizos afectadas pola intervención, polo que o contido da oferta resulta alleo a este apartado.</p>	0
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>Aporta descrición e intervencións nas redes existentes gráfica e descritivamente de saneamento e abastecemento, con cuantificación de demandas, predimensionado e trazado.</p> <p>As redes de electricidade, gas e telecomunicacións apórtase plano descritivo da situación destas, non se indica ningunha intervención sobre as mesmas, someténdose a unha fase ulterior de estudo.</p> <p>Analízase a existencia dos colectores existentes na parcela e propónse desviación, con dimensionado de caudais existente na cunca, análise dos períodos de retorno e capacidades, esixencias normativas, con trazado en planta e alzado. Detéctanse deficiencias na rede exterior por oclusión de sección, aspecto que pode incidir no funcionamento das redes de saneamento dos equipamentos e espazos urbanos propostos.</p>	1.40



6 Incorporación de sistemas de aforro de enerxía 2 punto,1 páx.

Valorarase a incorporación á proposta de sistemas ou dispositivos que redunden nun aforro enerxético das instalacións, amoblamento ou equipamento proposto. Os licitadores xustificarán axeitadamente a conveniencia de cada unha das medidas propostas en base ás características do viario afectado.

VALORACIÓN DAS OFERTAS		
LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Proponse a incorporación de sistemas de alumeado de alta eficiencia e programación e control tipo IoT. Na piscina e instalacións complementarias implementación de paneis solares, sistemas de filtrado e bombeo eficientes, coa posibilidade de incorporar calefacción -non desenrolado-. Sistemas de rego eficiente tipo T-Boss sectorizado segundo demandas hídricas.	1.35
UTE EXTRACO-COVIASDEC	Proponse a incorporación de: Á piscina de alumeado led de alta eficiencia enerxética con sensores de presenza, billas con control de consumo de auga, sistemas de depuración de auga, sistemas de filtrado de alto rendemento, bombas de alta eficiencia enerxética, sistema tipo Freepool 2 para tratamento da auga da piscina, equipos de regulación e limpeza automática. Axardinamento con especies de baixa demanda hídrica e rega sectorizada adecuada ós consumos. Alumeado de alta eficiencia automatizado. Fontes de chorro con sistema de recirculación.	1.40
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Proponse a incorporación de elementos na urbanización de aproveitamento de enerxía solar fotovoltaica en pérgolas e cubertas, sistemas de xeotermia de acordo cun estudo previo a realizar, eficiencia de alumeado mediante implementación de sistemas DALI, sistemas de aerotermia, aproveitamento de augas de escorrentía da urbanización para alimentar puntos de consumo non humano de auga (inodoros, baldeo, rega), pavimentos drenantes e pavimentos fotocatalíticos descontaminantes.	1.55

7 Incorporación de vexetación e arborado 2 punto,2 páx.

Valorarase a incorporación e idoneidade do arborado, xardinería e especies vexetais. Deberán definirse e xustificarse as especies propostas, a súa idoneidade, funcionalidade e relación co parque e entorno edificado.

Valorarase a elección de especies resistentes ó medio, de baixo consumo hídrico e mantemento sinxelo.

VALORACIÓN DAS OFERTAS		
LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	Propóñense especies arbóreas, arbustivas e trepadoras concretas atendendo ó cromatismo, cualificación de áreas, resistencia a enfermidades, baixas necesidades hídricas, mantemento ou adaptación e lectura espacial do parque. Non	0.85



	se avalían as propostas no anteproxecto, algunhas coincidentes. Non se define nin grafía a ubicación concreta nin é apreciable análise e relación co entorno edificado. Non se valora aproveitamento de especies e exemplares existentes.	
UTE EXTRACO-COVIASTE C	Defínense especies propostas, sensiblemente coincidentes co anteproxecto e aportase plano de ubicación destas. Non recolle as árbores frutais recollidas no anteproxecto na descrición, se ben sí se recolle na lenda do plano aportado. O plano resulta dificilmente lexible en canto á ubicación das especies. Non se avalían as propostas no anteproxecto, practicamente coincidentes. Non se define ubicacións concretas nin é apreciable análise e relación co entorno edificado. Non se valora aproveitamento de especies e exemplares existentes.	0.95
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	Valora e analiza a idoneidade das especies propostas no anteproxecto, eliminando algunhas xustificadamente. Indicase polo menos a posibilidade existente de aproveitar exemplares existentes durante a redacción do proxecto técnico. Xerarquízase a colocación das árbores segundo o proxecto unitario, destinando especies a zonas de senda, noiros, barreira visuais, piscina, solarium e zonas de sombra conforme e coherentemente coa proposta global, os usos, necesidades de cada ámbito, xustificando a idoneidade da proposta. Valorase parcialmente nalgunhas especies o mantemento necesario. Ten en conta a presenza de edificacións perimetrais para a colocación de especies de gran porte ou crecemento. A descrición resulta coherente e xustificada.	1.80

8 Sostibilidade global da proposta 1 puntos, 1 páx.

Valorarase a avaliación e xustificación do análise da proposta dende o punto de vista da súa sostibilidade, entendendo como obxecto de dita xustificación a sostibilidade económica e enerxética durante a construción, explotación durante a vida útil e renovación da mesma unha vez esgotada a súa vida útil. Estimarase como vida útil da reurbanización 50 anos.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Indica medidas destinadas a incorporar criterios de sostibilidade durante a execución, explotación e renovación. Non cuantifica analiticamente os parámetros de sostibilidade como por exemplo, custos de mantemento, emisións de CO₂, residuos xerados, valorizacións posibles, reposición de materiais ou consumibles durante a vida útil, operacións regulares de mantemento principais, etc.</p> <p>No apartado relativo á fase de construción sinala un uso sostible dos materiais -non desenrola como nin cales-, incorporación de sistemas de drenaxe urbano (aspecto concernente á explotación, non á construción), reutilización de amoblamento como o parque infantil existente e emprego de subministros e contratación de proximidade.</p> <p>No apartado relativo á explotación durante a vida útil recolle as propostas de instalación de enerxías solar, sistemas de rega</p>	0.15





	<p>intelixente, e á selección de especies vexetais. Refírese ós hábitos de vida saudables, aspecto que se ben incide na saúde dos usuarios, non se atopa relación con parámetros de sostibilidade económica e enerxética da dotación durante a vida útil.</p> <p>No apartado relativo á renovación refírese a oferta á necesidade de realizar estudos de uso e enquisas de satisfacción entre outros, aspectos xenéricos alleos ó obxecto deste apartado.</p>	
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	<p>A oferta refírese unicamente a aspectos relativos á construción, de xeito parcial, e á explotación durante a vida útil da dotación.</p> <p>Non cuantifica analiticamente os parámetros de sostibilidade como por exemplo, custos de mantemento, emisións de CO₂, residuos xerados, valorizacións posibles, reposición de materiais ou consumibles durante a vida útil, operacións regulares de mantemento principais, etc.</p> <p>No apartado destinado á construción cítase unicamente o emprego de terra vexetal existente no ámbito e a posibilidade de realizar compensación de terras -non se desenrola en ningunha parte da oferta no apdo. A-.</p> <p>En canto á sostibilidade durante a explotación recolle as propostas de sistemas de recuperación de augas de drenaxes, regas intelixentes, selección de especies vexetais, redución de uso de formigón, instalación de sistemas de depuración na piscina e alumeado led e sistemas de control deste.</p> <p>Non existe referencia ás intervencións encamiñadas a unha mellor sostibilidade unha vez superada a vida útil dos elementos.</p>	0.15
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>O licitador reproduce principalmente as medidas sinaladas no apdo. A1.11 relativo ó aparcamento. Non cuantifica analiticamente os parámetros de sostibilidade como por exemplo, custos de mantemento, emisións de CO₂, residuos xerados, valorizacións posibles, reposición de materiais ou consumibles durante a vida útil, operacións regulares de mantemento principais, etc.</p> <p>Indica medidas durante a fase de construción relativas ó emprego de recursos de proximidade -cita empresas do ámbito-, emprego de materiais reciclables -non detalla-, optimización de movemento de terras (recollese en aptos. anteriores MDT), optimización de consumos de equipos e medios auxiliares, aforro de auga e alumeado. Durante as fases de vida útil e renovación recolle o emprego de paneis fotovoltaicos, alumeado eficiente, xeotermia, aerotermia e a optimización de consumos de auga na urbanización. Considerase parte da avaliación necesaria se ben resulta incompleta no tocante á vida útil e renovación.</p>	0.45



B. MEMORIA TÉCNICA DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS. (20 puntos, 18 páxinas).

Neste anexo deberá definirse o procedemento proposto para as obras de construción do estacionamento, do parque e dos seus elementos, atendendo ó funcionamento dos usos existentes durante cada fase. A memoria ten por obxecto valorar a proposta dende o punto da súa viabilidade construtiva, a definición dos traballos en cada fase e definir de que xeito se xestionarán as afeccións que con motivo da execución se produzan ós usos circundantes.

1 Análise das fases de execución 2 puntos,3páx.

Valorarase a concreción e grao de definición e detalle, a concisión e coherencia xeral desta coa proposta e a adecuación á realidade do emprazamento.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>O licitador inclúe as fases de redacción de proxectos básico e de execución, allea ó referido obxecto do presente apartado referido á execución das obras. No apartado propiamente referido, recolle a programación en dúas fases de urbanización 1 e 2,, a primeira sobre o ámbito de 19.921m² e a segunda sobre a esquina surleste do ámbito de 638m² derivado do réxime de propiedade e cesións necesarias. Ten en conta os equipamentos, establecementos comerciais e tecido residencia existente nas inmediacións, propondo a execución mediante subfases para permitir os accesos. Define as fases de implantación e replanteo, actuacións previas, e movemento de terras, novas edificacións urbanización, piscina, axardinamento e equipamento. Define aspectos tamén alleos ó apartado como a dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras.</p> <p>Aporta diagrama Gantt coas Fases 1 e 2 principais. Non se concreta como afecta na programación as afeccións que resulten de ter executados parte dos traballos na Fase 1.</p>	1.35
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	<p>O licitador describe as fases principais nas que programa a execución das obras, comezando polo acondicionamento do terreo, valado, limpeza, demolicións de edificacións e estruturas existentes; execución de obras do aparcamento; execución de obras da piscina e instalacións, obras de nivelación e movemento de terras no parque, canalización de instalacións, acabados, amoblamento e equipamento. O nivel de concreción en cada fase queda definido, se ben non se analizan as características do emprazamento. O diagrama de planificación resulta de escasa definición e detalle. Non fai referencia á existencia de diferentes fases de urbanización no ámbito e a posibles repercusións desta circunstancia.</p>	1
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>O licitador analiza as partes principais do conxunto para determinar as áreas de actuación. Desenrola as fases atendendo ó emprazamento destes elementos e desenrola unha planificación de actuacións, acompañada de gráficos que permite interpretar a evolución dos traballos en cada unha das fases, as cales se xerarquizan en traballos previos, despexe e desbroces, demolicións, retranqueo de servizos, movemento</p>	1.40





de terras, execución de estruturas, redes de servizos da urbanización, execución do interior das edificacións, firmes e pavimentos, xardinería, amoblamento e sinalización, ademais da limpeza e terminación. . Aporta diagrama de planificación de escasa definición e detalle.

2 Definición das afeccións ós usos urbanos, actividades e emerxencias 5 puntos, 3 páx.

Valorarase a definición pormenorizada das principais afeccións que durante as fases propostas se producirán nos usos da rúa e do seu entorno afectado, atendendo ás afeccións a residentes, actividades, servizos urbanos, tráfico, vehículos de emerxencias ou outros.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Realízase unha enumeración das afeccións a:</p> <ul style="list-style-type: none">- usos residenciais,- tráfico rodado,- accesos a garaxes,- tráfico peonil,- tráfico na estrada N-525,- tráfico na Ponte do Milenio,- actividades comerciais e portais dos edificios situados na equina suroeste,- pasadizo existente entre as Avda. das Caldas e o interior do parque,- parque infantil existente na zona norte da actuación,- escola infantil,- policía local,- colexio A Ponte,- Igrexa de Santiago de As Caldas,- Afeccións a elementos patrimoniais como a estación, a igrexa de Santiago e varios edificios,- Transporte público (servizo de autobuses urbanos e taxi),- zonas de carga e descarga de mercadorías,- aparcamentos para PMR,- Estación de FFCC e oficina de correos,- garaxes e vaos particulares, <p>Analízanse as repercusións que os traballos implican en canto á produción de pó, vibracións e rúidos, circulación de maquinaria, establecemento de zonas de acopios e afección a redes de servizos</p> <p>Non se valoran as afeccións nin avalía a repercusión das</p>	2.50





	obras sobre elementos enumerados.	
UTE EXTRACO-COVIAS-TEC	<p>Realízase unha análise das afeccións a:</p> <ul style="list-style-type: none">- servizos urbanos, englobando nesta categoría servizos, equipamentos, infraestruturas de transporte, zonas verdes e infraestruturas urbanas de xeito mesturado: zonas verde de San Froilán e parque infantil, Igrexa de Santiago das Caldas, Parada de autobuses, zonas de paseo e descanso, zona verde na rúa Vitoria Kent, Policía Local, CEIP A Ponte, parada bus Xesús Pousa, contedores en Xesús Pousa, Estación FFCC, camiño peonil interior. <p>Estimase que se incrementará a intensidade de tráfico na zona polos vehículos de obra e subministros, detectando a xeración de interferencias na circulación.</p> <ul style="list-style-type: none">- considerase a proximidade das zonas termais, accesos e estacionamentos que serven a estas.- Instalacións urbanas afectadas, mediante plano. Non se detalla grao de afección a estas de xeito pormenorizado.- detéctanse unha serie de elementos no interior da parcela como postes de alumado e telefonía. Detéctanse un marco de formigón que se prevé proceda dun drenaxe norte. Non se analiza as afeccións que dita instalación poden ter, se ben non correspondería co presente apdo.- considerase a afección a festividades e eventos na zona das obras. <p>Considéranse as repercusións que os traballos implican en canto á produción de pó e ruídos.</p> <p>Non se valoran tódalas as afeccións nin avalía a repercusión das obras sobre elementos enumerados, unicamente se describen actuacións nalgúns dos elementos.</p>	2.40
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>Realízase unha análise clara, pormenorizada, completa e ben estruturada das afeccións a:</p> <ul style="list-style-type: none">- edificios residenciais, considerando a altura e nº de vivendas afectadas. Considera a traseira do inmovible con dereitos de vistas no ámbito oeste,- actividades, con relación pormenorizada das existentes no contorno da mazá,- equipamentos CEIP A Ponte, Escola infantil, igrexa parroquial, Centro de Saúde, Oficina de correos.- afeccións ó tráfico rodado de xeito xerarquizado por estradas e titularidades, xerarquizando grao de afección e planimetría. Considerase os datos de IMD existentes, así como a xeración nestes de pó e ruidos polos equipos de obra.- afeccións ó tráfico peonil, e accesos a actividades comerciais existentes.- afeccións a liñas de autobús.- afección á estación de FFCC.	4.80





	<ul style="list-style-type: none"> - afeccións patrimoniais, - afeccións a rutas de emerxencia da policía local, protección civil e bombeiros ou ambulancias. - afeccións a redes de servizos e infraestruturas de servizos, cualificando a afección. <p>Cuantifícase e xustifícase o tipo e grao de afección de xeito pormenorizado en cada ítem sinalado, aportando información gráfica ilustrativa de lectura clara.</p>	
--	--	--

3 Proposta de solución ás afeccións definidas 5 puntos, 3páx.

Valorarase, en coherencia coas afeccións definidas, a mellor solución de organización dos traballos e do entorno afectado polas obras.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Recolle as propostas de solución ás afeccións de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - vivendas, sometendo a unha ulterior comprobación o estado e afeccións concretas. Proponse realizar comunicación mediante avisos dos traballos en xeral, con persoal de obra dispoñible as 24h para atención a afectados. Non se concretan outras medidas. - tráfico rodado, plantexase anunciar as obras con antelación, contacto cos veciños e comerciantes e policía local. - tráfico peonil, entrada e saída para minorar afeccións pola rúa Basilio Álvarez, podendo habilitar accesos por Xesús Pousa. Colocación de sinalistas. Non valora as afeccións que a saída a través de Xesús Pousa pode ocasionar ós tráfico rodados, máis tendo en conta a confluencia de tráfico de acceso e parásito en torno á estación de FFCC. - afeccións á N-252 e Ponte do Milenio, fórmulanse unha serie de compromisos de actuación (análise de aforos, reparación de danos) alleos ó obxecto deste apto. - Locais comerciais e portais, garantírase accesos e sinalización, reunións entre veciños. - Pasadizo entre a Avda. das Caldas e o parque, interrupción durante os traballos de pavimentación. Remítase a unha reunión cos propietarios e concello resolver a imposibilidade de emprego da terraza, se ben non se aportan solucións ou alternativas concretas. - parque infantil, unicamente se indica que se avisará da demolición da mesma. - escola infantil, remítase a unha reunión cos responsables da actividade. Propóñense medidas de redución de pó, vixilancia e ruídos no acceso. - Policía local, indícase que non se prevé afección. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa 	2





inclusión no apdo. previo.

- Colexio A Ponte, non se prevé afección. Se ben proponse manter reunión informativa para aviso.

- Igrexa Santiago de As Caldas, proponse evitar circulación de vehículos durante os oficios.

- Extremar precaución con elementos patrimoniais, citando a zona de policía do río Miño e consulta a Augas de Galicia. Este apartado resulta incongruente na súa totalidade, posto que as afeccións á rede fluvial non resulta unha afección patrimonial, nin o órgano competente é o autonómico citado. Refírese á elaboración dun informe á Xunta de Galicia para establecer un protocolo da actuación e diminución de afeccións patrimoniais. Non se detalla xustificación, obxecto, contido nin alcance da proposta.

- servizo de autobuses e taxis non se prevé afección. Se ben proponse manter reunión informativa coa empresa. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- zonas de carga e descarga, non se prevé afección. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- aparcamentos PMR, non se prevé afección. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- Estación FFCC e oficina de coreos, non se prevé afección. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- afección a garaxes e vaos, non se prevé afección. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- Xeración de ruído remítese ó apdo. 5.

- Xeración de pó, proponse a realización de regas periódicas, carga a baixa altura, uso de lonas, rego de terras, uso de lonas en acopios.

- Vibracións, refírese ó disposto no RD 1311/2005, relativo á prevención de riscos en traballos expostos a vibracións, pero non desenrola de ningún xeito o modo de diminuír a afección producida polas vibracións inherentes á realización dos traballos no entorno afectado polas obras (non nos traballadores), non sendo polo tanto valorable.

- indicase que a maquinaria será periodicamente limpada, reiterando o uso de lonas e varredoras de limpeza nas zonas de paso.

- zona de acopios no interior estimase non suporá afección. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- redes de servizos e cortes de subministro, avisarase con antelación ós afectados.





	<p>Apreciase a inclusión de elementos non afectos sen relevancia. Non se detallan as medidas paliativas de ditas afeccións ou se remiten a ulteriores reunións e, ou, compromisos por parte do licitador. Apareciase incongruencia en certos apartados da memoria, cun desenrolo xenérico e ambiguo. Non se aportan solucións organizativas que impliquen melloras apreciáveis nas afeccións.</p>	
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	<p>Recolle as propostas de solución ás afeccións de:</p> <ul style="list-style-type: none">- gardería infantil, realizando un valado formando un corredor de acceso á porta principal e de emerxencia do establecemento, organizando os traballos de pavimentación de acordo cos horarios da gardería. Indicase que se mantiveron conversas cunha das responsables do centro acerca do uso do parque infantil e emprego do mesmo.- garaxe San Froilán nº1 e sitios na rúa San Rosendo, estimase unha afección menor se ben propónse unha planificación de accesos auxiliares pola rúa.- accesos na zona de obra e fiestras das traseiras dos edificios nº45 e 47 da rúa San Froilán. Prevese o tapiado dos accesos por quedar por debaixo da rasante da urbanización. Non se aprecia ningunha solución á problemática existente, simplemente a execución das obras previstas no anteproxecto.- portal de acceso ó edificio sito na rúa Basilio Álvarez, onde se propón un valado do borde do soportal como protección ó mesmo.- uso de terraza nos soportais do paso inferior ó parque dende a Avda. das Caldas, propónse o peche da fronte cara a obra para permitir o funcionamento do espazo de terraza exterior cuberta durante as obras.- porta de acceso traseira á cafetería Titanic 3, analízase que é de uso esporádico e que se permitiría un acceso puntual durante as obras.- acceso o local de osteopatía, farmacia e portais da rúa Victoria Kent, deixarase corredor valado durante as obras e permitirase o acceso durante os traballos de pavimentación.- acceso garaxes rúa Xesús Pousa e portal interior, propónse unha planificación de acopios e descargas para non entorpecer accesos ó garaxe e porta, con valado lateral e protección de pó e ruído.- acceso a actividade School of English, procederíase en caso de existir actividade de xeito análogo ó anterior.- afección a servizos urbanos: zona verde de San Froilán, Zona de Paseo e descanso nas traseiras de Avda Caldas 35, zona verde Victoria Kent e parque infantil en San Froilán, quedan dentro do parque proxectado elimínanse coas obras. Valorase a afección en canto á eliminación dos servizos durante as obras propondo indicar os equipamentos existentes de uso alternativo durante a execución destas.- Igrexa de Santiago das Caldas, non se aprecia afección significativa. Polo tanto, se non existe afección previsible	4.5





	<p>resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.</p> <ul style="list-style-type: none">- Parada de autobús na Avda das Caldas e Xesús Pousa, non se aprecia afección significativa. Polo tanto, se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.- Policía Local, CEIP A Ponte e Estación FFCC, non se aprecian afeccións significativas, remitindo a comunicacións e coordinación no caso de afeccións durante a obra.- Contedores en Xesús Pousa propónse desprazamento en caso de ser necesario.- camiños peonís entre San Rosendo e San Froilán e zona Victoria Kent, resulta inviable deixalos abertos. Non se aprecia medida ó respecto.- Instalacións de subministro (redes de servizos urbanos): con UFD comunicacións para desconexión e retirada de liñas dentro da parcela, así como co alumeadado público, inspección da rede soterrada, sen propor medidas concretas. Este apdo. correspondería co obxecto do A2.5.- eventos e festividades, adecuación dos horarios de traballo ós eventos e coordinación coa policía local e afectados.- afeccións derivadas da xeración de pó e ruídos, minimización do tránsito en horarios e franxas horarias menos molestas, humectación das zonas de tránsito e traballo, emprego de sistemas prefabricados para eliminar a xeración de pó e ruídos, en consonancia co descrito no apdo. A1.7. <p>Indícase a disposición dunha parcela de alugueiro inmediata á obra como lugar de estacionamento de transportes e espera. A parcela indícase situada na zona sur, pero non se recolle ubicación precisa desta que aclare a vantaxe da súa existencia, se ben valorase a utilidade da mesma para as necesidades da obra.</p> <p>Apreciase a inclusión de elementos non afectos se ben detállanse pormenorizadamente as medidas paliativas das afeccións descritas de xeito razoado. Valorase apoiar a xustificación co mantemento de conversas con afectados.</p>	
<p>PETROLAM INFRAESTRUTURAS</p>	<p>Recolle as propostas de solución ás afeccións mediante:</p> <ul style="list-style-type: none">- en termos xerais, a designación dun responsable de coordinación de afeccións, xefe de comunicación da atención a usuarios durante todas as fases da obra e interlocutor co Concello de Ourense, disposición dun nº de teléfono e correo electrónico da disposición as 24horas.- defínese un protocolo de comunicación mediante reunións informativas periódicas con veciños e afectados, quedando indefinida a periodicidade das mesmas salvo a inicial. Creación dunha plataforma dixital con recollida de queixas. Non se analiza o perfil de usuarios do ámbito afectado en canto ó acceso ás TIC, se ben ofrecese asistencia e asesoramento ó concello sobre a información da evolución dos traballos, cartelería específica. Indícase anuncios en prensa e radio, pero non se desenrola dita medida. Ofrecese a	<p>4.5</p>





colaboración dunha empresa especialista en comunicación. Non se define o papel desta.

- como medidas extraordinarias para minimizar a emisión de ruídos, pó e vibracións prevese o valado mediante cerramento metálico opaco de todo o ámbito da obra, peche de accesos ós peóns (resulta obrigatorio ó abeiro da LPRL e RD1627/1997, polo que non se aprecia aporte mellora con respecto ás obrigas da mercantil).

Propóñense medidas concretas encamiñadas ó mantemento da limpeza viaria no ámbito afectado coa disposición de medios persoais (1 ou 2 operarios), barredora e cisterna, balsa de limpeza impermeabilizada e kits de limpeza ante derrames. Refírese ó protocolo de gretas esixido no prego, non considerándose mellora obxecto deste apartado.

- descríbense as medidas ante afección a actividades e residentes, remitindo ó uso durante os traballos de conexión de redes de pasarelas móbiles.

- descríbense as afeccións do tráfico ós usos existentes, estudando horarios de entrada e saída no CEIP da Ponte e evitando o tránsito de camións en horas punta. Indicase garantir con valado de acceso o acceso á escola infantil, mentres que o centro de saúde e a oficina de correos non se verán afectados, polo tanto se non existe afección previsible resulta incongruente a súa inclusión no apdo. previo.

- analizada a afección os tráfico, propónse a sinalización de obras (elemento habitualmente obrigatorio), valorándose positivamente a inclusión e descrición das medidas reflectidas dun plano de circulación e sinalización no tramo de acceso a través da rúa Basilio Álvarez, e a creación dun parque de maquinaria no pk 239 da N-525, así como na rúa Xesús Pousa.

- descríbense os percorridos peonís á obra e no entorno do viario circundante, propondo desvíos concretos para estes nas rúas e accesos valados na circulación perimetral existente nas traseiras.

- non se prevén afeccións á intermodal, se ben propónse a colocación de carteleiras de información da obra.

- o licitador ampárase na instrución da DXPC de 8/11/2017 relativa ó réxime de autorizacións en elementos catalogados, zonas de afección e amortecemento para sinalar a inexistencia de afeccións patrimoniais. Se ben ditas afeccións, en todo caso, deberan ser obxecto de autorización durante a tramitación dos proxectos de obras e urbanización. Ofrécese a colaboración dunha empresa especialista en medio ambiente e arqueoloxía, se ben a utilidade desta quedaría supeditada ás afeccións declaradas polo órgano competente. Non se aprecia relación directa co obxecto deste apdo.

- conclúese coas afeccións a redes de servizos e infraestruturas urbanas, non apreciando se obxecto do presente apdo.

Nas propostas valorase a inclusión de sistemas de





comunicación, se ben algunhas medidas son xeralistas ou de dubidosa necesidade, abránguense as principais afeccións existentes descritas. O grao de detalle resulta alto no tocante ós tráfico, pechamentos e itinerarios peonís, sendo menos preciso no relativo ás actividades e usos afectados.

4 Actuación dos equipos de emerxencias 1 punto,3 páx.

Valorarase, en coherencia coas afeccións definidas, a mellor solución de organización dos traballos e do entorno afectado polas obras en canto á operatividade concreta dos vehículos de emerxencias durante estas.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Describe en xeral o funcionamento da obra enfocado nas medidas e pautas de actuación fronte a emerxencias e PRL dentro da propia obra, así como a disposición dun plan de emerxencias, coas medidas xerais a adoptar en canto a informar a bombeiros, policía e garda civil, primeiros auxilios, desenrolando os protocolos de intervención en caso de incendio ou explosión, enfermidades leves ou graves (interpretase accidente nas obras) e ubicacións de equipos de primeiros auxilios na obra. Recolle gráficos e planos indicativos de accesos e percorridos en caso de emerxencias durante a obra. Non se aporta plano de implantación de instalacións provisionais de obra, botiquín nin percorridos interiores.</p> <p>Non se analizan as posibles solucións fronte a emerxencias pola afección ó entorno encamiñadas á actuación de equipos de emerxencia derivadas, ou que vexan modificado o seu funcionamento ordinario, da existencia das obras ou derivadas da execución de intervención nas redes de servizos urbanos (incendios, fugas de auga, vertidos, etc.), sendo o obxecto principal a desenrolar neste apartado.</p>	0.20
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	<p>Describe a implantación de zonas de acceso en caso de urxencia para vehículos de emerxencia (sanitarios, bombeiros, policía), con zonas sinalizadas ó efecto. Non se aporta plano de implantación de instalacións provisionais de obra, botiquín nin percorridos interiores.</p> <p>Indícanse medidas encamiñadas a diminuír o risco de situacións de emerxencia, non sendo obxecto de valoración neste apto., referido á actuación concreta de vehículos no caso da emerxencia e considerando as afeccións definidas. Non se concreta como as afeccións e medidas de solución a estas propostas poden modificar ou alterar a operatividade durante a emerxencia.</p> <p>Indícanse sucintamente as medidas en caso de coñecemento da situación de emerxencia, infección por covid, incendio ou explosión, inundación, vertidos, rotura de canalizacións de obra ou cortes de subministros non controlados e seguridade na obra, enfocado á PRL nos traballos. Non se analizan as posibles solucións fronte a emerxencias pola afección ó entorno encamiñadas á actuación de equipos de emerxencia derivadas, ou que vexan modificado o seu funcionamento</p>	0.15





	ordinario, da existencia das obras ou derivadas da execución de intervención nas redes de servizos urbanos (incendios, fugas de auga, vertidos, etc.), sendo o obxecto principal a desenrolar neste apartado.	
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>Analízanse as características do viario existente, valorando a capacidade deste para a actuación dos equipos de emerxencia e a afección das obras ó tránsito dos mesmos. Cuantifica e cualifica a capacidade dos accesos á obra e como as medidas previstas en aptos. anteriores inflúen na operatividade dos servizos de emerxencia. Detalla as instalacións interiores da obra e percorridos de xeito claro. Analiza o funcionamento dos medios de intervención en caso de emerxencia e valora a afección das obras nestes.</p> <p>Análise completo e conciso adaptado ó obxecto deste apartado. Non desenrola aspectos de PRL ou en caso de emerxencia no interior das obras, se ben non é obxecto deste.</p>	0.95

5 Adaptabilidade da proposta de execución 2 punto,3 páx.

Valorarase a capacidade da proposta de execución para adaptarse a situacións imprevistas ou cambios durante o desenrol dos traballos.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>Describe os medios do licitador en materia de control de calidade, selo de calidade ISO 9001, así como a dispoñibilidade de disposición de medios propios no ámbito da cidade no presente, se ben iso non acredita que se dispoña deles durante a execución das obras obxecto da presente licitación.</p> <p>Aporta compromisos por parte de provedores.</p> <p>Centra a capacidade de adaptación principalmente na programación das obras, indicando que se dispón de prazos con folgura dentro da programación (non se indican expresamente no diagrama Gantt aportado) e propón diferentes medidas de intervención no camiño crítico de cara a corrixir desviacións de prazos de execución.</p> <p>Valorase a existencia dunha programación exhaustiva que permite unha actualización de prazos de execución e os compromisos aportados. Non se aprecian máis medidas concretas ante cambios ou imprevistos.</p>	0.80
UTE EXTRACO-COVIASSTEC	<p>Describe os condicionantes existentes e a necesidade dun levantamento topográfico que permita adaptar o proxecto á realidade xeométrica existente.</p> <p>Indica a posibilidade de ter unha parcela de acopios como elemento que permite o encaixe das fases da obra o dispor de subministros e recursos directamente empregables en caso de modificacións, incluído diagrama de posibilidade de superposición de fases ou modificación destas.</p> <p>Valorase a dispoñibilidade de zonas de acopio próximas con</p>	0.65





	depósito de materiais, así como o estudo de posibilidade de variación de fases, se ben resulta pouco detallado e impreciso.	
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>Realiza unha análise dos imprevistos máis probables e propón análise de cada un deles e medidas de actuación nalgúns casos: valorase a situación xeotécnica dos terreos, o subministro de materiais e a programación mediante a elaboración dun plan de acopios en instalacións propias e próximas da empresa, a colaboración de empresas de enxeñería e arquitectura especializadas que doten de apoio técnico durante os imprevistos, o establecemento de medidas de axuste dos camiños críticos de xeito non pormenorizado, a xestión dos entullos, a falta de coordinación entre organismos afectados e comunicación, propondo medidas de comunicación encamiñadas a unha resolución áxil das problemáticas que puideren xurdir.</p> <p>Valorase o análise e consideración dos múltiples factores que poden xerar imprevistos, tocando os principais: alteración na programación e dispoñibilidade de reserva de acopios próximos, o equipo técnico multidisciplinar que acompaña a oferta e a atención á falla nas comunicacións cos axentes implicados. Sería desexable un desenrolo máis detallado de cada unha das partes sinaladas.</p>	1.35

6 Impacto ambiental e control de ruídos durante os traballos 5 puntos,3 pág.

Neste apartado apreciase unha discordancia entre a memoria do contrato e o prego, coas seguintes redaccións respectivamente:

MEMORIA DO CONTRATO: Valorarase a análise e idoneidade das medidas propostas para minorar durante a fase de execución das obras as molestias ocasionadas ó medio natural e ós veciños e actividades circundantes en forma de ruídos, vibracións, emisión de elementos pulverulentos, verquidos ou outras análogas.

PREGO: valorarase a capacidade da proposta de execución para adaptarse a situación imprevistas ou cambios durante o desenrolo dos traballos.

Os licitadores aportan en tódolos casos información relativa ó obxecto definido na memoria xustificativa do contrato, non no prego, polo que interpretando que se trata dun erro material subsanable ó abeiro do disposto no art.109.2 da Lei 39/2015 de PAC. Apreciase dende o punto de vista técnico que non supuxo discriminación nin desigualdade no trato ós licitadores; toda vez que a totalidade enfoca a oferta atendendo á redacción da memoria do contrato, polo que se leva a cabo a valoración conforme ó primeiro apartado interpretando que así se outorga un tratamento igualitario e proporcional.

Nembargantes e en todo caso, a mesa, con maior coñecemento acerca das implicacións procedimentais e contractuais ó respecto, decidirá.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

LICITADOR	Xustificación da valoración	Puntuación proposta
ORECO BALGON SA	<p>O licitador analiza o impacto ambiental mediante o análise do consumo de materias primas, indicando posuír selo ISO 14001 de xestión ambiental, entre estas: áridos, metais, plásticos, madeiras, formigóns e varios, auga, enerxía, electricidade e combustibles fósiles.</p> <p>Propón medidas de optimización de consumos de enerxías, emprego de materiais reciclados ou reutilizados.</p> <p>No tocante ó control de ruídos propón evitar que as obras de</p>	3.75





	<p>maior ruído coincidan con momentos críticos da vida comercial ou social, festividades, e regulación en materia de emisións acústicas estatal, autonómica e local. Seguimento e control dos niveles de emisións acústicas da maquinaria e ferramentas, así como a redución de emisións acústicas elevadas durante as primeiras 2 horas da mañá e primeira da tarde. Medidas de medición e control de ruídos.</p> <p>Valorase unha descrición completa en canto ó consumo de materiais e procedencia, control de emisións acústicas e minoración de consumos enerxéticos. Non se definen as medidas encamiñadas á diminución de partículas pulverulentas nin vertidos, se ben son tocadas de xeito transversal noutros aptos da oferta.</p>	
UTE EXTRACO-COVIASDEC	<p>A UTE aporta selo ISO 14001 dunha das empresas constituíntes, analizando as medidas e impactos por unidades de obra e actividades, elementos do medio afectados e desenrola medidas paliativas e correctivas de emisións contaminantes, po, contaminación das augas e ruídos de xeito pormenorizado e completo para cada unha das partes e fases principais da obra.</p> <p>Valorase unha descrición completa en canto ó consumo de materiais, control de emisións acústicas, minoración de consumos enerxéticos, vertidos e contaminación das augas.</p>	4.25
PETROLAM INFRAESTRUTURAS	<p>A empresa concreta a implantación da obra e analiza a optimización no movemento de terras, de xeito cuantificado por estratos xeolóxicos coherentes con modelos aportados en aptos. anteriores, comparando os volumes resultantes entre anteproxecto e proposta, mellorando nesta os iniciais. Estudia medidas de protección e afección ás especies vexetais e propón medidas compensatorias. Estudia medidas de control de erosión e contaminación do aire, auga e terras nas obras, medidas específicas para a redución de emisión de partículas pulverulentas, optimización enerxética de equipos, maquinaria e instalacións, e do consumo de materias primas coa reciclaxe de materiais sobrantes. Realiza unha análise exhaustiva do ruído e medidas paliativas así como de medidas adicionais de protección ambiental.</p> <p>Valorase a descrición e análise xeral, así como a concreción e cuantificación das melloras posibles relativas ó movemento de terras, o desenrolo completo, pormenorizado e detallado de tódalas medidas propostas .</p>	5



C Un máximo de tres (3) paneis en formato A1, coa descrición gráfica da proposta na que se desenrole, de acordo co contido do anteproxecto e información técnica facilitada ós licitadores, como mínimo a seguinte información:

Plantas a escala da proposta de estacionamento e planta da proposta de urbanización

Seccións lonxitudinais e transversais da proposta a escala e acoutadas

Plantas e seccións dos elementos de acceso e saída ó estacionamento e ó parque

Detalles construtivos máis relevantes ou de puntos singulares da proposta a escala e acoutados

Esquemas xerais das redes de infraestruturas de servizos proxectadas

Memoria de acabados, con representación gráfica destes

Imaxes ilustrativas da proposta de estacionamento

Imaxes ilustrativas da proposta de reurbanización

Imaxes de conxunto

As imaxes poderán ser resultado de fotografías de maquetas, infografías, debuxos, bosquejos, esquemas ou outros medios de representación análogos. Non se admitirá a entrega de maquetas físicas.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

Contido a recoller:	LICITADOR		
	ORECO BALGON SA	UTE EXTRACO-COVIASSTEC	PETROLAM INFRAESTRUTURAS
<i>Plantas a escala da proposta de estacionamento e planta da proposta de urbanización</i>	Contén. As escalas de representación son incorrectas coas definidas. Escasa lexibilidade das plantas de conxunto. As seccións non se reproducen acoutadas.	Contén. Suficientes.	Contén. Moi boa definición.
<i>Seccións lonxitudinais e transversais da proposta a escala e acoutadas</i>	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. As seccións non se atopan acoutadas.	Contén. As seccións non se atopan acoutadas.
<i>Plantas e seccións dos elementos de acceso e saída ó estacionamento e ó parque</i>	Non contén.	Non contén acceso dende a vía pública ó estacionamento. Contén plantas e seccións de acceso ó parque dende o estacionamento.	Non contén acceso dende a vía pública ó estacionamento. Contén plantas e seccións de acceso ó parque dende o estacionamento.
<i>Detalles construtivos máis relevantes ou de puntos singulares da proposta a escala e acoutados</i>	Contén. Aporta detalles xenéricos de bibliotecas. Non aporta detalles construtivos de aspectos relevantes tratados na oferta do licitador. Aporta ancoraxes a cimentación de estruturas metálicas non definidas no anteproxecto ou proposta do licitador. Deficiente representación gráfica dos elementos reproducidos.	Contén. Suficientes.	Contén. Escaso desenrolo.
<i>Esquemas xerais das redes de infraestruturas de servizos proxectadas</i>	Non contén.	Non contén.	Contén. Completas.
<i>Memoria de acabados, con representación gráfica destes</i>	Contén parcialmente. Aporta planta de humanización sen detallar acabados nin lenda de	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.



	representación.		
Imaxes ilustrativas da proposta de estacionamento	Contén, pouco detallada a infografía aportada.	Non contén.	Contén. Suficientes.
Imaxes ilustrativas da proposta de reurbanización	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Moi boa calidade e detalle.
Imaxes de conxunto	Contén. Escala insuficiente para apreciar detalles.	Contén. Suficientes.	Contén. Moi boa calidade e detalle.
Redución da puntuación por non incluír documentación gráfica mínima establecida:	-2,60 puntos	-3,20 puntos	-0,60 puntos.
Redución da puntuación por baixa calidade gráfica ou ilexibilidade do contido:	-1,20 puntos		
REDUCCIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA NAS MEMORAIS	- 3,80 PUNTOS	-3,20 PUNTOS	-0,60 PUNTOS

- Condicións de mínimos do PCAP:

As propostas que **non inclúan** a documentación gráfica mínima establecida, ou que dita información gráfica sexa incoherente co contido das memorias verán diminuída a puntuación obtida tra-la avaliación das memorias definidas no punto anterior en **ata 12 puntos en función do grado de incumprimento**.

A baixa calidade gráfica ou ilexibilidade do contido dos paneis suporá unha diminución da puntuación obtida tra-la avaliación das memorias técnicas definidas en **ata 10 puntos en función do grado de incumprimento**.

No caso de que como consecuencia destas reducións non se chegara a un mínimo de 25 puntos de valoración global nas memorias suporá a exclusión do licitador.

A falta de presentación dos paneis suporá a exclusión do licitador.

IMPORTANTE: para poder ser obxecto de valoración as ofertas económicas será preciso acadar nas memorias técnicas as puntuacións mínimas sinaladas no artigo 8 deste prego de 15 e 10 puntos respectivamente.

03.- Resumo das puntuacións obtidas polos licitadores:

OREGO BALGÓN					UTE EXTRACO - COVIATEC					PETROLAM INFRAESTRUTURAS				
Puntuación	Punt. Máx.	Nº páx.oferta	Nº páx. Máx.	Lím.páx.	Puntuación	Punt. Máx.	Nº páx.oferta	Nº páx. Máx.	Lím.páx.	Puntuación	Punt. Máx.	Nº páx.oferta	Nº páx. Máx.	Lím.páx.
15,25	45	40	40	VÁLIDO	14,70	45	40	40	VÁLIDO	37,10	45	40	40	VÁLIDO
NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15					NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15					CUMPLE TÓDOLOS CRITERIOS DE MÍNIMOS				

* A valoración contida neste informe é canto se ten a ben informar dende o punto de vista e capacidades deste técnico, someténdose en todo caso ás correccións, ampliacións ou aclaracións que a mesa teña a ben formular.

** Achégase como anexo ó presente informe folla resumo coa totalidade das puntuacións obtidas en cada apartado, e comprobación do límite de páxinas establecido.

OURENSE, na data da sinatura electrónica.

O ARQUITECTO

Gerardo Cid Guede



Nº EXPTE. CONTRATO: 2022040924
PROCDTO. LICITACIÓN: ABERTO

CONCURSO DE PROXECTO, OBRA E DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO "PARQUE COTO DE CAÑEDO", QUE INCLUE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SUBTERRÁNEO, E PISCINA EN BASE A ANTEPROXECTO APROBADO (DECRETO 2021007052) SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RUAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E XESUS POUSA RODRÍGUEZ.

CRITERIOS CUALITATIVOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS E FORMULAS - FOLLA RESUMO

OBJECTO DE Puntuación	OREGO BALGÓN				UTE EXTRACO - COVIASTE C				PETROLAM INFRAESTRUTURAS			
	Puntuación	Punt. Máx.	Nº páx. oferta	Lim.páx.	Puntuación	Punt. Máx.	Nº páx. oferta	Lim.páx.	Puntuación	Punt. Máx.	Nº páx. oferta	Lim.páx.
A- MEMORIA DE PROPOSTA TÉCNICA E DE DESEÑO (25 Puntos; 22 páx.)												
1. Valoración detallada por partidas, dos custe de execución das obras de estacionamento. 1 páx.	0.10	1	1	VALIDO	0.15	1	1	VALIDO	1.00	1	1	VALIDO
2. Posibilidade de melloras do deseño e ampliación do estacionamento. 1 páx.	0.25	1	1	VALIDO	0.40	1	1	VALIDO	1.00	1	1	VALIDO
3. Incorporación de sistemas de aloro enerxético. 1 páx.	0.65	1	1	VALIDO	0.75	1	1	VALIDO	0.90	1	1	VALIDO
4. Adecuación e dimensionado dos accesos. 1 páx.	0.70	1	1	VALIDO	0.10	1	1	VALIDO	0.90	1	1	VALIDO
5. Adecuar e dimensionar as prazas e vías de circulación interior. 1 páx.	0.25	1	1	VALIDO	0.00	1	1	VALIDO	1.00	1	1	VALIDO
6. Xustificación urbanista proposta. 1 páx.	0.15	1	1	VALIDO	0.40	1	1	VALIDO	0.70	1	1	VALIDO
7. Adecuar e suficientemente a proposta estrutural. 1 páx.	0.65	1	1	VALIDO	0.00	1	1	VALIDO	1.00	1	1	VALIDO
8. Adecuación e suficiencia da proposta de instalacións. 1 páx.	0.65	1	1	VALIDO	0.00	1	1	VALIDO	0.85	1	1	VALIDO
9. Adecuación e suficiencia da proposta de punto de vista de seguridade. 1 páx.	0.75	1	1	VALIDO	0.00	1	1	VALIDO	0.75	1	1	VALIDO
10. Memoria de acabados do estacionamento. 1 páx.	0.00	1	1	VALIDO	0.35	1	1	VALIDO	0.30	1	1	VALIDO
11. Sustentabilidade global da proposta. 1 páx.	4.30	11	11	VALIDO	2.30	11	11	VALIDO	0.40	1	1	VALIDO
SUBTOTAL:	4.30	11	11	VALIDO	2.30	11	11	VALIDO	8.80	11	11	VALIDO
A2) MEMORIA TÉCNICA DESCRITIVA E XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DO PARQUE (14 Puntos; 11 páx.)												
1. Xustificación do deseño e da proposta de cara a optimización dos espazos e funcionalidade dos usos, necesidades e servizos dos ámbitos afectados. 3 páxinas	0.80	3	3	VALIDO	0.00	3	3	VALIDO	3.00	3	3	VALIDO
2. Optimización dos usos peonís do parque. 1 páxina	0.30	1	1	VALIDO	0.00	1	1	VALIDO	1.00	1	1	VALIDO
3. Xustificación do deseño da proposta de cara á xeración de actividades urbanas (actividades, espazos de encontro, etc.) 1 páx.	0.40	1	1	VALIDO	0.20	1	1	VALIDO	0.80	1	1	VALIDO
4. Acondicionamento da accesibilidade dos elementos do parque e accesos. 1 páx.	0.15	2	1	VALIDO	0.00	2	1	VALIDO	0.90	2	1	VALIDO
5. Proposta de actuación nas redes de servizos urbanos e infraestruturas de servizos afectados. 1 páx.	0.15	2	1	VALIDO	0.00	2	1	VALIDO	1.40	2	1	VALIDO
6. Incorporación de sistemas de aloro de enerxía. 1 páx.	1.35	2	1	VALIDO	1.40	2	1	VALIDO	1.55	2	1	VALIDO
7. Incorporación de vexetación e arborado. 2 páx.	0.85	2	2	VALIDO	0.90	2	2	VALIDO	1.80	2	2	VALIDO
8. Sustentabilidade global da proposta. 1 páx.	0.15	1	1	VALIDO	0.15	1	1	VALIDO	0.45	1	1	VALIDO
SUBTOTAL:	4.15	14	11	VALIDO	2.65	14	11	VALIDO	10.90	14	11	VALIDO
CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	8.45	NON CUMPLE	NON CUMPLE	NON CUMPLE	4.95	NON CUMPLE	NON CUMPLE	NON CUMPLE	19,70	CUMPLE	CUMPLE	CUMPLE
B) MEMORIA TÉCNICA CONSTRUTIVA, AMBIENTAL E DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS. (18 PÁXINAS)(20 Puntos).												
1. Análise das fases de execución. 3 páx.	1.35	2	3	VALIDO	1.00	2	3	VALIDO	1.40	2	3	VALIDO
2. Definición das afeccións ós usos urbanos, actividades e emerxencias. 3 páx.	2.50	5	3	VALIDO	2.40	5	3	VALIDO	4.80	5	3	VALIDO
3. Proposta de solución ás afeccións definidas. 3 páx.	2.00	5	3	VALIDO	4.50	5	3	VALIDO	4.50	5	3	VALIDO
4. Actuación dos equipos de emerxencias. 3 páx.	0.20	1	3	VALIDO	0.15	1	3	VALIDO	0.95	1	3	VALIDO
5. Adaptabilidade da proposta de execución. 3 páx.	0.80	2	3	VALIDO	0.65	2	3	VALIDO	1.35	2	3	VALIDO
6. Impacto ambiental e control de ruidos durante os traballos. 3 páx.	3.75	5	3	VALIDO	4.25	5	3	VALIDO	5.00	5	3	VALIDO
SUBTOTAL:	10.60	20	18	VALIDO	12.95	20	18	VALIDO	18,00	20	18	VALIDO
CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. B >10	10.60	CUMPLE	CUMPLE	CUMPLE	12.95	CUMPLE	CUMPLE	CUMPLE	18,00	CUMPLE	CUMPLE	CUMPLE
C) - UN MÁXIMO DE TRES (3) PANEIS EN FORMATO A1												
Plantas a escala da proposta de estacionamento e planta da proposta urbanizada	nº paneis	3	3	VALIDO	nº paneis	3	3	VALIDO	nº paneis	3	3	VALIDO
Seccións longitudinais e transversais da proposta a escala e acoutadas	Contén. As escalas de representación son incorrectas coas definidas. Escasa texturidade das plantas de conxunto. As seccións non se reproducen acoutadas.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.
Plantas e seccións dos elementos de acceso e saída ó estacionamento e ó parque	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.
Detalles construtivos máis relevantes ou de puntos singulares da proposta a escala e acoutadas	Contén. Aporta detalles veneficos de bibliotecas. Non aporta detalles construtivos de aspectos relevantes tratados na oferta do licitador. Aporta ancoraxes a cimentación de estruturas metálicas non definidas no anteproxecto ou proposta do licitador. Deficiente representación gráfica dos elementos reproducidos.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.	Contén. Escalas de representación incorrectas coas definidas.
Esquemas xerais das redes de infraestruturas de servizos proxectadas	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.	Non contén.
Memoria de acabados, con representación gráfica destes	Contén parcialmente. Aporta planta de humanización sen detallar acabados nin tenda de representación.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.
Imaxes ilustrativas da proposta de estacionamento	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.	Contén, pouco detallada a imaxe gráfica aportada.
Imaxes ilustrativas da proposta de reurbanización	Contén. Escala insuficiente para apreciar detalles.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.
Imaxes de conxunto	Contén. Escala insuficiente para apreciar detalles.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.	Contén. Suficientes.
REDUCCIÓN DA Puntuación por non incluír documentación gráfica mínima establecida:	-2.60				-2.60				-2.60			
REDUCCIÓN DA puntuación por baixa calidade gráfica ou flexibilidade do contido:	-1.20				-1.20				-1.20			
CUMPLE CRITERIO REDUCIÓN PUNTOS APTO. C >25	-3.80	CUMPLE	CUMPLE	CUMPLE	-3.80	CUMPLE	CUMPLE	CUMPLE	-3.20	-3.20	-0.60	-0.60
RESUMO DAS Puntuacións												
Puntuacións sobre 2	15,25	45	40	VALIDO	14,70	45	40	VALIDO	37,10	45	40	VALIDO
OBSERVACIONES:	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	NON CUMPLE CRITERIO PUNTOS APTO. A >15	CUMPLE TODOLOS CRITERIOS DE MINIMOS